



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

**DON JULIO GONZÁLEZ CASANOVA, SECRETARIO DO CONCELLO DE FRIOL,
PROVINCIA DE LUGO,**

CERTIFICA:

Que a acta do Tribunal do proceso selectivo para contratación dun/a traballador/a social e a seguinte:

“ACTA DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA CONTRATACIÓN DE TRABALLADOR SOCIAL CONVOCADO POLO CONCELLO DE FRIOL (AGRUPACIÓN FRIOL-GUNTÍN). RESOLUCIÓN ALEGACIÓNS.

No Salón de Comisións do Concello de Friol, ás dezasete horas do día sete de febreiro de dous mil dezaioito, baixo a Presidencia de don José Luis Vázquez Méndez, Secretario-Interventor dos concellos de Guntín-Portomarín, reúnese o Tribunal encargado do proceso selectivo para a provisión como persoal laboral temporal dun/ha traballador/a social.

Asisten como Don Pablo Veiga López-Castelo, traballador social dos Concello de Friol e Guntín, Don José López González, Secretario do Concello de Paradela. Como Secretario, don Julio González Casanova, Secretario do Concello de Friol.

O proceso de selección realízase de conformidade coas bases aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 17 de novembro de 2017 publicadas no B.O.P. núm. 273 de data 28 de novembro. En cumprimento das bases da convocatoria, pola Alcaldía, coa data 28 de decembro de 2017, ditouse resolución pola que se aproba a lista definitiva de admitidos/as, que foron todos os que se presentaron ao proceso selectivo, por non concorrer causa que motive a exclusión de ningún dos/as aspirantes. Na mesma resolución, refírese á designación do tribunal que será o mesmo que realizou o proceso selectivo anterior, segundo o disposto nas bases da convocatoria e ao publicado no B.O.P. núm. 273 de data 28 de novembro, así como a fixación das datas no que terá lugar o proceso selectivo. A resolución publicouse no B.O.P. núm. 298 de 30 de decembro de 2017, así como no taboleiro de anuncios e na web do concello.

Actúa como Tribunal, o constituído o vintecinco de xaneiro, procedendo seguidamente á realización do primeiro exercicio da fase de oposición, publicándose seguidamente os resultados no taboleiro de anuncios e na web do concello.

De conformidade co disposto nas bases da convocatoria, unha vez que se procede á publicación das cualificacións obtidas polos/as aspirantes, estes/as disporán dun prazo de tres días hábiles, para que poidan realizar as alegacións ou reclamacións pertinentes. Una vez transcurrido o prazo e ao que resulte do mesmo, á vista das puntuacións obtidas, o Tribunal acorda citar aos/as aspirantes que superaron a puntuación mínima esixida para a realización do segundo exercicio da fase de oposición, na data que se comunicará mediante anuncio publicado na web e no taboleiro de anuncios do concello.

No prazo concedido para elo, Mercedes Carnero Bellón presenta escrito de alegacións, solicitando que sexan consideradas as mesmas e unha vez verificadas, se proceda á corrección que elo conleva. As alegacións refírense ás preguntas 1 e 29:

- En relación coa pregunta núm. 1 di que o tribunal considera correcta a resposta d), inducindo a erro, xa que esta resposta “as dúas respostas anteriores son correctas”, non realiza a consideración axeitada, si se refire ás respostas “a y b”, ou ás respostas “a y c”.
- En relación coa pregunta núm. 29, refírese á orde de 19 de abril de 2013, pola que se modifica a orde de 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto de 4 de febreiro. Considera que a resposta dada por correcta polo tribunal, correspondería co disposto no art. 20 da orde, o erro na resposta dada por válida correspondería coa confusión entre o art. 19 e o 20, nos que se establece a orde dos servizos e o seu correspondente número de horas.
- En relación coa pregunta número 29, polo traballador social don Pablo Veiga, emítese o informe que a continuación se transcribe:

“29.- As persoas que teñen recoñecido un grao dous de dependencia e soliciten o servizo de axuda no fogar (non intensivo) e o servizo de atención diurna (non intensivo), poderán disfrutar de:

- a).- Ata 35 horas ó mes de SAF e 160 horas ó mes de servizo de atención diurna



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

- b).- Ata 35 horas ó mes de SAF e 80 horas de servizo de atención diurna
- c).- Ata 23 horas ó mes de SAF e 160 horas ó mes de servizo de atención diurna
- d).- Ata 100 horas ó mes de centro de día e 30 horas ó mes de servizo de axuda no fogar

A resposta dada por válida foi a letra d).- Ata 100 horas ó mes de centro de día e 30 horas ó mes de servizo de axuda no fogar

Tendo en conta o sinalado na ORDE do 19 de abril de 2013 pola que se modifica a Orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

No punto 19 queda establecida a seguinte compatibilidade:

- a) Será compatible co servizo de atención diurna ou libranza vinculada á adquisición deste servizo, co seguinte límite de intensidade:

Grao de dependencia	Servizo de axuda no fogar non intensivo	Servizo de atención diurna non intensivo
Grao III	Ata 35 h/mes	80 h/mes
Grao II	Ata 23 h/mes	50 h/mes
Grao I	Ata 10 h/mes	30 h/mes

Polo tanto, a resposta tería que ser unha na que sinalase unha intensidade de 23 horas ó mes para SAF non intensivo e 50 horas ó mes para servizo de atención diurna non intensivo.

Ningunha das catro respostas propostas para contestar os aspirantes sería correcta.

No entanto, tendo en conta o punto 20 de dita ORDE do 19 de abril de 2013,

Vinte. Modifícase o punto 2 do artigo 62, Servizo de atención diurna, que queda redactado do seguinte modo:

- 2. «Será compatible co servizo de axuda no fogar ou libranza vinculada á adquisición deste servizo, co seguinte límite de intensidade:»

Grao de dependencia	Servizo de atención diurna non intensivo	Servizo de axuda no fogar non intensivo
Grao III	Ata 100 h/mes	30 h/mes
Grao II	Ata 100 h/mes	30 h/mes
Grao I	Ata 80 h/mes	10 h/mes

Ante a ambigüidade na redacción da pregunta en cuestión, poderíase entender que a resposta correcta fose a sinalada como boa no exame tito test, é dicir, a letra d).- Ata 100 horas ó mes de servizo de atención diurna compatibilizándoo con 30 horas ó mes de axuda no fogar, **polo que se estima procedente a anulación da pregunta número 29 do exame realizado.**

- En relación coa primeira pregunta, considérase que a redacción da mesma non induce a erro ningún. Dase a posibilidade de contestar como correctas a resposta a) ou a resposta b). A resposta c) di que ambas son correctas, se ben non precisa a) e b). A resposta d) di que as dúas respostas son falsas, se ben non precisa a) e b). De todos os xeitos, estímase que o planteamento da pregunta é correcto e as respostas claras, outra cousa é que se responda ben ou mal. Engadir que hai varios dos/as presentados/as que acertaron a resposta correcta. Por de manifesto que non habería problema polo Tribunal, en proceder á súa anulación e correxir no seu lugar a correspondente pregunta de reserva, se con elo o resultado do proceso fora outro e houbera un maior número de aprobados/as. Non obstante, revisados os exames, aínda neste suposto non se modificaría a relación de aprobados, nin o de quen presenta a alegación, nin dos restantes.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Á vista do exposto en relación coa pregunta núm. 1 e do informe emitido polo traballador social en relación coa núm. 29, o Tribunal, en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA**:

- Rexeitar a alegación presentada en relación coa pregunta núm. 1, polas razóns expostas.
- A anulación da pregunta núm. 29, pasando polo tanto a correxir e puntuar coa primeira pregunta de reserva, o que levará consigo a modificación das puntuacións outorgadas.
- En consecuencia, a revisión das puntuacións outorgadas, correxindo os erros advertidos polo Tribunal na revisión dos exames, en relación coas puntuacións de Andrea Puentes Pérez e María del Carmen Suarez Llano, quedando a calificación do exercicio como a continuación se transcribe:
- Proceder á publicación das cualificacións outorgadas.

Nome	Puntuación
Álvarez Otero, Cristina	4,40
Cabaleiro Rodríguez, Lara	7,15
Cambeiro Canosa, Eloy	2,40
Carnero Bellón, Mercedes	4,65
Corral Moreira, Marta	3,25
Darriba Rodríguez, Aitor	0,55
Eyré Mariña, Cristina	4,70
Fandiño Rascado, Íria	3,30
Fernández Cuiñas, Lucía	1,90
Lázare Vila, Daniel	1,80
Martínez Neira, Ana María	4,10
Mayo Trashorras, Lucía	0,65
Moure Eiriz, Tania	3,80
Pardo Vázquez María Mónica	1,20
Puentes Pérez, Andrea	3,70
Rial Moure, Alba	4,40
Rodríguez López, Oscar José	1,80
Saavedra Pino, David	2,65
Sánchez Rodríguez, Estela	3,20
Suárez Llano, María del Carmen	3,50
Taboada Touzón, Natalia	3,65
Vázquez Barreiro, Violeta	2,20

Polo tanto, á vista do exposto, superou o primeiro exercicio da fase de oposición dona Lara Cabaleiro Rodríguez, que obtivo unha puntuación de 7,15 puntos.

E non sendo outro o obxecto do presente acto, do que se redacta a presente acta en triplicado exemplar, que suscriben os membros do tribunal, sendo as dezasete horas e trinta minutos, da data ao principio indicada, de todo o que eu, Secretario, redacto acta, que asinan os membros do Tribunal, e se publicará na web e to taboleiro de anuncios do Concello, aos efectos oportunos e para xeral coñecemento de conformidade co disposto nas bases da convocatoria.